

ACORDOS DO COMITÉ DE XIMNASIA TRAMPOLÍN

Ourense, 21 de Novembro do 2024

1. **NORMATIVA COPA GALICIA INTERNACIONAL 2025.**

Os cambios aprobados na normativa da Copa Galicia Internacional 2025 atópanse no arquivo adxunto. Propoñense dúas datas para a súa celebración:

- Primeira opción: 11-12-13 de Abril
- Segunda opción: 18-19-20 de Abril

Está pendente confirmar a sede do evento para a súa difusión.

2. **NORMATIVA ESCOLAR E MÁSTER 2025.**

Adxúntase a normativa Escolar e Máster axustada aos cambios acordados para o 2025.

3. **PROPOSTAS E PREGUNTAS.**

Propoñense as seguintes datas para a celebración dos eventos autonómicos:

- Campionato Galego Élite e Base: Maio
- Campionato Galego Escolar e Máster: Xuño
- Copa Escolar: Novembro/Decembro

Infórmase que na vindeira reunión de Comité, que se celebrará en xaneiro do 2025, trataranse os proxectos de tecnificación para 2025 unha vez aprobados os orzamentos en Asamblea.

Dna. Isaura Hermida solicita que varios ximnastas rusos e ucranianos da comunidade valenciana afectados pola DANA poidan competir con maillots diferentes no vindeiro campionato galego dado que motivos económicos e loxísticos non lles é posible que leven exactamente o mesmo. Respótaselle que non hai problema ao respecto.

En relación ao Campionato Galego de Trampolín 2024, que se celebrará en decembro nunha única xornada, acórdase que tódalas finais por equipos sexan directas, é dicir, non se realizarán finais por equipos.

Dna. Inmaculada Pazos propón que, debido ao recente falecemento de D. Pablo Hinojar, a Copa Galicia Internacional de Trampolín se lle engada o término Memorial no seu nome. Todos os membros do comité están de acordo ca proposta.